

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E O SERVIZO DE COOPERACIÓN E DE ACCIÓN CULTURAL DA EMBAIXADA DE FRANCIA EN ESPAÑA PARA A OBTENCIÓN DO DIPLOMA DE ESTUDOS EN LINGUA FRANCESA NA SÚA VERSIÓN ESCOLAR.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA

que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España o instrumento convencional arriba referido, dando continuidade á colaboración establecida ao abeiro do Convenio de cooperación entre Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España asinado o 29 de xuño de 2016 .

Que o convenio que se presenta, entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha duración de catro anos, podendo ser prorrogado de forma expresa por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e previa notificación á outra de dous meses de antelación, en adendas anuais, sen que a duración total das prórrogas poda exceder de catro cursos escolares.

Que o contido deste convenio poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a suscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a administración e a obtención do Diploma de Estudos en Lingua Francesa -nos niveis A2, B1 e B2 do MCERL Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas-, expedidos polo Ministerio de Educación do Goberno de Francia, na súa versión escolar -DELF Escolar- na rede pública dos centros de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que é de interese, tanto para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como para o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España, traballar para fomentar e desenvolver accións concretas no ámbito da avaliación e a certificación do alumnado galego de francés como lingua estranxeira, máis concretamente no apoio e difusión do exame de Francés DELF Escolar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa

